



Cando o procedemento se inicie de oficio ou a instancia dunha persoa diferente ao suxeito pasivo ,a taxa acreditarase na data na que se dicte a resolución de incoación do correspondente procedemento.

Cando a actividade ou a instalación se desenvolvan ou se realicen sen terse verificado ou comprobado previamente polo concello que se axuste ao marco normativo ao que fai referencia no artigo 2 desta ordenanza, a taxa acreditarase cando sexa iniciada efectivamente a actividade municipal que constitue o feito imponible.

Unha vez iniciada a obriga de contribuir ,non estará afectada de ningún xeito pola denegación do obxecto dos correspondentes procedementos aos que se refire o artigo 2 ou pola súa concesión supeditada a condicións , nin pola renuncia ou desestimento do solicitante despois de que se haia resolto o procedemento correspondente

ARTÍGO 10. – LIQUIDACIÓN E INGRESOS.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación cando os procedementos se inicien a instancia do suxeito pasivo. A estes efectos , cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente se cumprimentará tamén debidamente o impreso de autoliquidación. O interesado terá que achegar á solicitude a acreditación e ter efectuado o pago da taxa .

Nos supostos distintos do anterior , a taxa será liquidada pola Administración, que a notificará ao suxeito pasivo, para seu pago

ARTÍGO 11º. – INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, sexa disposto na Lei General Tributaria.

DISPOSICION FINAL.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o seguinte día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO:

- A) A tarifa de “Licenzas de aperturas de establecementos”; aplicarase da seguinte maneira:
- A tributación será do 150% sobre a cuota do IAE.
 - De tratarse de actividades consideradas como Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, a tributación será do 200% sobre o IAE”

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DAS LICENZAS PARA CONSTRUCCIONS, OBRAS E INSTALACION S

ARTÍGO 1. – FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

1. – Constitue o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos a concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse no Concello para a execución de calquer clase de construcións e outras ou instalacións no termo do Concello, así como a prestación doutros servizos urbanísticos.

2. – A taxa cobrarase ao inicio da prestación do servizo por parte da Administración Municipal, coa recepción da solicitude e a correspondente iniciación do expediente.

3. – Unha vez creada a obriga de contribuir, non se verá afectada de xeito algún pola la denegación da licenza solicitada, a renuncia, ou o desestimento do solicitante con posterioridade a súa concesión.

4.—Nos casos de renuncia ou desestimación con anterioridade á concesión da licenza, procederáse á devolución do 50% da taxa ingresada. No suposto de denegación da licenza procederáse á devolución do 25% da taxa ingresada.

A devolución ten que solicitala o contribuínte, aportando o orixinal do pago e conta bancaria completa.

ARTÍGO 2.—SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1.—Son suxeitos pasivos obrigados ao pago dos dereitos e taxas previstas nesta Ordenanza as persoas naturais ou xurídicas solicitantes da respectiva licenza ou documento.

2.—Os solicitantes da licenza deberán facer constar na solicitude o nome, DNI ou CIF e o domicilio fiscal do dono do terreo das obras e empresa constructora.

3.—No caso de denuncia serán suxeitos pasivos desta taxa os infractores no suposto de que o resultado de aquelas revelasen infracción.

ARTÍGO 3.—

1.—Responderán solidariamente os suxeitos pasivos, os propietarios ou poseedores, así como os arrendatarios, no seu caso, dos inmobles nos que se realizan as obras, instalacións ou construcións. No caso dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou poseedores, si as obras foran executadas coa súa conformidade e sen abuso de dereito.

2.—Serán substitutos do contribuínte os constructores e contratistas.

ARTÍGO 4.—

1.—Non estarán suxeitos á obriga de contribuír os titulares de licenza para blanqueo, pintado ou reboco de exteriores, pechamentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.

2.—Non estarán suxeitos ao pago das taxas de licenza os pozos ou fosas sépticas situados en zoas sen servizo municipal de auga e rede de sumidoiro.

ARTÍGO 5.—EXENCIÓNS E BONIFICACIONES

Gozarán de exención das taxas as solicitudes e licenza da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia pola realización de obras afectadas ao uso ou servizo público.

ARTÍGO 6.—

Tomarase como base imponible, que en todos os casos coincidirá coa base liquidable, o presuposto de construción, instalación ou obra a realizar agás no disposto no apartado B do artigo seguinte.

ARTÍGO 7.—

As cuotas a satisfacer resultarán de aplicar os tipos seguintes:

A:

1) Licenzas de obra menor e proxectos de urbanización:

— 1,066% sobre a base liquidable, cunha cuota mínima de 33,02.—euros

Licenzas de obra maior:

— 0,1066% da base liquidable, cunha cuota mínima de 33,03 euros.

B: Outros servizos:

— Alineacións e rasantes, por m.l.: 7,38 euros.

— Inspección de obras que se practiquen a instancia de parte por mor de expediente contradictorio, por unidade: 58,61 euros.

- Inspección de actividades que se practique a instancia de parte, por unidade 17,26 euros.
- Licenzas de parcelación urbanística, por cada parcela resultante 48,81 €.
- Transmisión de licenzas, 39,16 €.
- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo o prezo do anuncio na prensa), 305,78 €.
- Licenzas de primeira ocupación. Por planta e calquera que fora o uso da mesma, 0,58 €.
- Solicitud de declaración de ruina, 261,13 €.
- Solicitud de tramitación de figuras de planeamento de iniciativa.
- Particular: a cuota a satisfacer será a resultante do seguinte cálculo:
 - (Superficie do solo en m² x proposta edificable x 0,068 €/m²) +
 - (Superficie do solo en m² x 0,034 €/m²).
 - Si o resultado da aplicación das tarifas previstas neste artigo fora inferior a 34,10 €, prevalecerá este importe como cuota mínima.

ARTÍGO 8.—ACREDITACIÓN E DEVENGO

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible conducente a determinar se o establecemento reúne as condicións esixibles. A estos efectos se entenderá iniciada dita actividade municipal na data de presentación da oportuna solicitud de licenzia

2. Cando as obras se haian iniciado ou executado sen ter formulado a correspondente solicitud de licenzia ,a taxa se acreditará cando se inicie efectivamente a actividade municipal que leve a determinar si a obra en cuestión é autorizable ou non, independentemente do inicio do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización destas obras ou sua demolición, no caso que no foran autorizables.

3. Unha vez nacida a obriga de contribuir, non lle afectarán en ningún caso, sua concesión condicionada á modificación do proxecto presentado, nin a renuncia ou desestimación do solicitante despois que se lle houbese practicado a visita de comprobación.

ARTÍGO 9. RÉXIME DE DECLARACIÓN Y DE INGRESO

A presentación da solicitud de licenzia leva consigo a presentación dunha autoliquidación conforme aos datos declarados polo solicitante. A estes efectos, cando se presente a solicitud que inicie a actuación ou o expediente se cumprimentará tamén debidamente o impreso de autoliquidación. O interesado terá que adxuntar á solicitud a acreditación de terse efectuado o pago da taxa.

As autoliquidacións practicadas conforme aos datos declarados polo solicitante terán a consideración de provisionais, e poderán ser comprobadas pola Administración municipal.

(Dita autoliquidación será obxecto de comprobación polo Concello unha vez que se houbesen realizado as actuacións de control, emitíndose unha liquidación complementaria no caso de que fora necesaria.) As liquidacións practicadas no procedemento inspector tras a comprobación e investigación terán carácter de definitivas.

ARTÍGO 10 - INFRACCIONES E SANCIONES

Desta materia rexerá a ordenanza fiscal e a restante lexislación tributaria de aplicación.

DISPOSICIONES FINAIS

Primeira: Queda derogada a ordenanza fiscal que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1990.

Segunda: Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte a sua publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata que se acorde sua modificación ou derogación expresa.